

4. Informacións e correccións de erros

4.1. Informacións

Oficina do Valedor do Pobo

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 13 de outubro de 2015, polo que se modifica a relación de postos de traballo do Valedor do Pobo

Logo de examinada a proposta xustificativa de modificación da relación de postos de traballo da Oficina do Valedor do Pobo remitida por esta institución, co obxecto de axear o dito catálogo á modificación da súa lei reguladora operada pola Lei 10/2012, do 3 de agosto, e realizar unha distribución funcional axeitada á actual carga de traballo, respectándose o límite de gasto asignado.

Vistos os informes favorables dos Servizos Xurídicos e da Intervención Xeral da Cámara.

A Mesa, ao abeiro do disposto no artigo 10.2 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Suprimir os postos de traballo seguintes:

Núm. orde	Denominación	Nivel	C. específico €/ano	Forma de provisión	Observacións
1	Asesor-secretario xeral	30	32.705.68	NLV	Persoal eventual
2	Asesor-coordinador	30	32.705.68	NLV	Persoal eventual
7	Asesor-Gabinete de Comunicación	25	23.305.66	NLV	Persoal eventual
13	Auxiliar administrativo/a-Secretaría do Valedor	16	14.664.58	LD	Persoal funcionario

Segundo. Crear os postos de traballo seguintes:

Núm. orde	Denominación	Nivel	C. específico €/ano	Grupo de adscrición	Corpo	Forma de prov.	Observacións
1	Secretario/a xeral	30	32.705.68	A1	Superior	LD	Persoal funcionario. Licenciado/a en Dereito
2	Coordinador/a xeral	30	32.705.68	A1	Superior	LD	Persoal funcionario. Licenciado/a en Dereito

Terceiro. Esta modificación producirá efectos desde do día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2015

Pilar Rojo Noguera

Presidenta

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros na publicación, no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 502, do 6 de agosto de 2015, do Acordo do Pleno do Parlamento de Galicia, do 3 de agosto de 2015, polo que se modifica o Regulamento do Parlamento de Galicia, e na súa corrección publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 523, do 22 de setembro de 2015

Advertido un erro material na publicación do Acordo do Pleno do Parlamento de Galicia, do 3 de agosto de 2015, polo que se modifica o Regulamento do Parlamento de Galicia (BOPG núm. 502, do 6 de agosto de 2015, fasc. 2), procédese á súa corrección nos seguintes termos:

Páx.: 116936, Exposición de motivos, parágrafo 2

Onde di:

«...Lei 1/1983, do 2 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia...»

Debe dicir:

«...Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia...»

Pax. 116941

Onde di:

«...Ley 1/1983, de 2 de febrero, reguladora de la Xunta y de su Presidencia...»

Debe decir:

«...Ley 1/1983, de 22 de febrero, de normas reguladoras de la Xunta y de su Presidencia...»

Advertidos erros na publicación da corrección do Acordo do Pleno do Parlamento de Galicia, do 3 de agosto de 2015, polo que se modifica o Regulamento do Parlamento de Galicia (BOPG núm. 523, do 22 de setembro de 2015), procédese á súa corrección nos seguintes termos:

Páxs.: 122686 e 122687

Onde di:

«...do 2 de febreiro...»

Debe decir:

«...do 22 de febreiro...»

Páx.: 122687

Onde di:

«...de 2 de febrero...»

Debe decir:

«...de 22 de febrero...»

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2015

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior